

DATOS

- Lonxitude:** 14.6 km aproximadamente (ida e volta)
- Dificultade:** Media –Baixa.
- Epoca ideal:** Todo o ano.
- Duración:** 2 horas e media.
- Material:** Bicicleta, roupa cómoda e casco.
- Cartografía:** Plano 22-III (Pontedeume)

DESCRIPCIÓN

Sáimos de Alvarella virando á esquerda e a uns 250 m atopamos un cruce, nel collemos á esquerda (1). Nos Loureiros, a 1km aproximadamente (300 m despois de pasar o desvío do Castelo) viramos á dereita en dirección a Covés (2). Ó chegar ó cruce torcemos á dereita, ata chegar O Silvar (km 3.3 aprox.) (3). Aquí xiramos á esquerda costa abaixo seguindo esta estrada ata chegar O Ameneiral (km 5 aprox.) (4). Deixando a capela a man dereita continuaremos para chegar a Esteiro, unha vez aquí collemos a estrada principal a esquerda, a uns 150 m aprox.

atoparemos o carril bici á man dereita (5) que nos leva ata o centro da vila (6).

Unha vez visitada a vila emprendemos a volta. Podémola facer por onde viñemos ou ben pola seguinte rota:

En Esteiro en vez de virar cara o Ameneiral continuaremos pola estrada principal (7) (durante 2,3 Km) ata atopar un desvío a man dereita que indica O Barral (8), seguindo recto por esta estrada chegamos O Silvar onde a partir de aquí faremos a rota por onde viñemos, é dicir seguiremos recto cara a Covés e ó chegar xiraremos á esquerda para, despois de subir unha forte pendente chegar ós Loureiros. Unha vez aquí pode ser interesante visitar a Igrexa de San Martiño de Andrade.



Rota de Bicicleta Nº 2 : Alvarella-Pontedeume



ROTA PONTEDEUME



